



PARDERRUBIAS

As escrituras antigas da Igrexa de Parderrubias expresan a esta parroquia co nome de Pena Rubias e Pera Rubias, e así o menciona tamén o Señor Sandoval, que é o mesmo que Pedra ou Pedras Rubias, porque antigamente dician por pedra, pera, como por Pedro, Pero: e de aquí inferimos que este nome provén das moitas e grandes penas que se atopan nas lombas que rodean a parroquia especialmente polo Sur e poñente que a causa da intemperie dos tempos teñen a cor rubia, e que por iso a chamaron Pera Rubias, e nós agora Parderrubias. Venera por Patrón tutelar ao Apóstolo Sto. Tomás, que antigamente e aínda nos nosos días apelídan San Tomé, a quen celebran a festa no seu día propio 21 de Decembro. Consta a súa poboación de 53 veciños que están suxeitos polo contencioso ao Xuíz que aquí hai, e polo político e governativo ao de Salceda. Antigamente estaba esta parroquia dividida en dous cotos con dous Xuíces Ordinarios, un posto polo Señor da Casa de Pedradagua, que hoxe posúen os Sres. Condes de Sn. Roman, e o outro o Sr. da do Castro da que son donos os Sres. Marqueses de Abendaña. Reditúan os seus décimos por un quinquenio 11.000 reais, que insolidum disfruta o Párroco: o que non ten Casa Reitoral, pero si un bo Igrexario, inmediato ao sitio onde estivo a Igrexa antiga, de levar en semente 77 ferrados e medio de pan. Percibe ademais de renda foral cada ano 30 ferrados de trigo, 26 de centeo, 20 de miúdo e 22 reais en diñeiro. A fábrica da Igrexa cobra tan só 20 reais. Aquele paga de pensión ao Cabido Catedral de Tui 15 ferrados de centeo e 30 de miúdo anualmente. Este Beneficio era no primitivo de padroado e presentación de diferentes participes leigos; e o Coengo de Tui Dn. Morguete Rodríguez, fundador da Casa e Morgado dos Troncosos, Señores da Picoña, fixose con toda a presentación por doazóns que ao seu favor fixeron os copatróns, e hoxe lle presentan insolidum os posuídores de dita casa. Antigamente estiveron unidas a Parderrubias en clase de anexos as parroquias de Sn. Xurxo de Salceda e Sn. Salvador de Nogueira: despois, o 19 de Outubro de



SAN TOMÉ

1694, a solicitude de Dn. Luis Troncoso de Lira, cabaleiro da Orde de Alcántara, Señor da Picoña, e con consentimento de Dn. García de Losada e Sotomaior, Abade de Parderrubias e os seus anexos, e de Dn. Francisco de la Carrera Bugarin, Abade de Sn. Martiño da Picoña, fixose unha permuta polo primeiro, e no seu nome polo seu fillo Dn. Bernardino Troncoso de Lira, co Sr. Bispo de Tui Dn. frei Anselmo Gómez de la Torre, e representando a este o seu Provisor o Licdo. Dn. José Calvo Salcedo. Dn. Luis deu ao Prelado o anexo de Nogueira que era da súa presentación como a matriz, e o último deu ao primeiro a parroquia de Sn. Martiño da Picoña para que se unise á de Parderrubias en clase de anexo, e a súa presentación fose para sempre de Dn. Luis e os seus sucesores, e que Nogueira quedase de libre padroado. Esta permuta aprobouna o Nuncio da Súa Santidade o 11 de Novembro do mesmo ano 94. Daquela o Dn. Francisco de la Carrera Bugarin, Abade da Picoña, pasou a selo de Nogueira independentemente de Parderrubias. Ultimamente o 28 de Abril de 1739, por morte do Abade desta última, o expresado Dn. García de Losada e Sotomaior, e a instancia de Dn. Pedro Troncoso de Lira Señor da Picoña, desmembráronse da presente parroquia os anexos de Sn. Kurxo de Salceda e Sn. Martiño da Picoña, colocando nela Abades propios con total independencia de Parderrubias. Fixo a desmembración o Sr. Bispo Dn. fernando Ignacio de Arango y Queypo. Na capela Maior da Igrexa vella desta parroquia pola parte de fóra e costado do Sur, no medio dos escudos de armas dos Patróns do Curato, tiña gravado un rótulo no que se lía o seguinte:

**Dn. Luis Troncoso y Sotomayor
Comió de la S. Ynquisición mando hacer.**

Non declara o que fose, pero enténdese foi a fábrica daquela Capela. Esta igrexa por ser de mala construción, e atoparse case nun extremo da parroquia entre poñente e norte, trataron de mudala ao centro do pobo, e en efecto pola morte do Abade Dn. Vicente Baqueyro, acaecida en setembro de 1815, emprendeuse a obra, e lograron concluíla a mediados do ano 1824 no que foi bendicida, e dixo a primeira Misa no novo templo. É Parderrubias Cabeza de Viscondado, título que anda incorporado aos Marqueses de Abendaña pola Casa e Morgado que levan titulado do Castro sito nela. Dista da Capital unha legua curta." (Ávila y La Cueva, 320-322).

Igrexa parroquial

Como xa consta na parroquia de Nogueira, esta foi anexo de Parderrubias, igual que S. Xurxo.

O Señor da Picoña, Luís Troncoso de Lira, co consentimento dos dous Abades, D. García Losada e Sotomaior, de Parderrubias, e Francisco de la Carrera Bugarín, da Picoña, solicitou ao Bispo de Tui D. Anselmo Gómez de la Torre a permuta do anexo de S. Salvador de Nogueira pola parroquia de S. Martiño da Picoña para que esta pasara a ser anexo de Parderrubias, segundo documento datado o 19 de outubro do ano 1694.

Aprobouse a permuta e foi confirmada polo Nuncio con data de 11 de novembro do mesmo ano.

Así S. Xurxo e a Picoña quedarán como anexos de Parderrubias ata o ano 1739, no que se independizarán formando parroquias autónomas.

Antigamente o lugar da igrexa era no barrio de Fontán, e tiña no lado sur da capela maior os escudos dos patróns da presentación. Dela proceden o retablo maior e o da Inmaculada, que hoxe están na igrexa actual.

As obras da nova igrexa comezan ao finar o Abade D. Vicente Baqueiro, en Setembro de 1815.

A construción leva a cabo o mestre canteiro portugués Xosé Manuel Pallón, natural de Lanhelas, que xa traballara nas de Tebra e Tabagón, e na capela de S. Telmo en Tui.

Os planos e a dirección de obra, a partir de 1820, son de Domingo Antonio Novas y Lemos, de Pazos de Reis, quen fai os orzamentos. Xa fixera a igrexa de Vilameán en 1798, e realizara traballos na capela de S. Telmo e na Catedral de Tui.

Remátanse as obras no ano 1824. Realiza a bendición o Bispo D. Juan García Benito (1797-1825) que promovera estas obras.

No ano 1973, o día 2 de Novembro, conmemoración dos Fieis Defuntos, mentres celebraba a Misa o párroco D. Perfecto Gándara, con gran afluencia de xente, formouse unha tormenta e caeu un raio na torre da igrexa





derribándoa xunto coa súa veleta, ameado e cornixas, sen que houbera máis destrozos que os materiais.

A igrexa presenta unha soa nave de planta rectangular cunha capela maior de planta cadrada, cunha sancristía adosada no lado norte.

A **fachada principal (163)** preséntase apilastrada nas esquinas. A porta principal no centro é de arco semicircular e adiántase sobre o plano cunhas pilastras de adorno e moldura partida polo adorno do centro do lintel que fai de apoio a unha cornixa moldurada a modo de viseira.

A fornela central sitúase sobre unha moldura e apilástrase lateralmente. É de arco de medio punto e adórnase na parte superior con cuncha de vieira. Mesmo enriba dela está o ventanal rectangular, dando entrada de luz á tribuna, con adorno superior de moldura semellante ao da fornela.

Das pilastras laterais nace unha cornixa cun quebro en curva ao principio para darlle maior altura. Baixo ela hai unha moldura que percorre o paramento entre as pilastras. No lado sur ten pináculo cónico. Remátase a fachada cunha cruz pétreo sobre unha base de pirámide truncada e con moldura superior.

No lado norte está a torre, de planta cadrada, que se retrotrae detrás do paramento oeste para deixar completa a composición da fachada.

Está apilastrada nos catro lados. Unha cornixa voada sostén o corpo do campanario, tamén apilastrado nos esquinais e nos ocos, un a cada vento, e con arcos de medio punto.

Unha cornixa superior, con pináculos cónicos nos esquinais, serve para apoiar a **agulla (166)**, tamén cónica e con adorno no extremo onde se coloca a cruz metálica de remate, de corte portugués coa esfera armilar e sobre ela o galo da veleta e a cruz.

A nave susténtase con tres contrafortes por cada lado que chegan á moldura da cornixa que sustenta o tellado a dúas augas sobre bóveda de ladrillo.

No lado norte hai adosada unha escaleira de pedra para acceder á porta lateral da torre. Neste lado tamén ten unha pequena porta alintelada e moldurada para acceso á nave.

No lado sur, case na cabeceira da nave, ten unha ventá de derrame interno despois do último contraforte. No lado norte abriuse con posterioridade outra enfronte dela, máis pequena.

A capela maior presenta un tellado a catro augas con pináculos cónicos nas esquinas e adorno central. Os seus paramentos teñen maior altura que a nave e contrarresta as

forzas da bóveda de pedra con apilastrados esquinais. Ten no centro do paramento sur unha gran ventá de derrame interno. E moldurada ao exterior.

A sancristía, máis baixa e con tellado a tres augas, comunícase coa capela maior no seu lado norte.

No **interior** (165) o piso é de pedra e as paredes e bóveda están enfuscadas e pintadas en branco. Quedan á vista os arcos de pedra coas súas pilastras correspondendo cos contrafortes exteriores, o mesmo que a bóveda de cruzaría -que apoia en ménsulas esquinais- da capela maior, o arco que acolle o retablo maior e o arco triunfal.

O retablo maior foi trasladado da antiga igrexa para este lugar, adaptándoo ao paramento. Está enmarcado nun arco de pedra e apoiado sobre unha base de pedra na parte central. Os laterais teñen portas para acceder á parte posterior.

A predela é ampla, con dúas ménsulas sostidas por anxos e no centro o **Sagrario** (167). Este adiantase cun adorno de follas e paxaros comendo nelas, formando un corazón na parte central. A porta ten un releve dunha cruz sobre un pan e con flores e follas de videira que ascenden por ela.

O corpo central límtase con dúas columnas salomónicas, cun anxiño cada unha na parte inferior entre follas e acios de uvas.

Hai unha gran fornela central, de arco de medio punto, case plana, e con moldura lateral. Entre as columnas salomónicas e a fornela hai dous planos totalmente cubertos de follaxe.

Dous machóns, con adornos similares aos que circundan o sagrario con follaxe e paxaros, separan as rúas laterais, que forman as fornelas cun marco rectangular, no que apoia a peaña que soporta a imaxe.

Un entablamento quebrado separa o ático. Enriba das columnas salomónicas adórnase con cabezas de anxos entre follas.

O ático é unha gran cartela con follas de gran tamaño e arco de medio punto, cuberta por unha primeira moldura en rosca a modo das columnas salomónicas e co adorno de follas e paxaros. Segue outra moldura, con dúas cabeciñas de anxos e remate con follaxe.

As molduras do arco únense por cinco tarxas, iguais entre si dúas a dúas as laterais, sendo distinta a central que fai de remate do retablo.

A fornela central ocúpaa un **Cristo morto** (168) sobre cruz en forma de madeiro e coa sentenza sobre a cabeza.





A imaxe de **San Tomé (164)**, o patrón, está na fornela lateral dereita. A súa figura leva, coma todos o apóstolos, palio e libro. Segundo a lenda predicou o Evanxeo na India e axudou como arquitecto ao rei Gondóforo; esa é a razón pola que se lle pon como atributo persoal a escuadra dos albañiles, dos que é patrón xunto cos arquitectos e xeómetras.

A rúa lateral ocúpaa **S. Sebastián (169)**.

Nos apoios laterais da fornela central, aos lados do sagrario, están as imaxes de **Sto. Amaro (170)** e da Inmaculada, que non pertencen a este retablo nin é este o seu lugar.

O autor deste retablo é Xoán Antonio Martínez, que o realizou no ano 1767, xunto con outros dous colaterais, dos que só se conserva o da Inmaculada.

Ámbolos dous son xa retablos de transición do churrigueresco para o rococó, e son moi similares.

O **retablo da Inmaculada (171)** ocupa o centro do paramento sur da nave entre dous arcos formeros.

Está colocado sobre unha meseta que o sostén. A predela é ampla e nos extremos sitúanse as ménsulas sostidas por anxos. No centro dela prodúcese un adiantamento cun corpo que servirá de base á fornela central.

As columnas on salomónicas e adórnase na parte inferior con dous anxos en movemento, entre acios de uvas e follas de parra e un paxaro picando nelas.

A fornela central, de arco de medio punto con moldura lateral, adórnase con guirnaldas, flores e follaxe.

O entablamento que separa o ático é quebrado e adornado con follaxe e paxaros. Enriba das columnas salomónicas tamén hai cabeciñas de anxo.

O ático repite o sistema do retablo maior, pero máis sinxelo. Ten unha fornela central con venera. A primeira moldura de cerre fórmase en rosca como as columnas e co mesmo adorno. A moldura de cerre ten dúas cabeciñas de anxo e guirnaldas de follas e flores.

Tanto o retablo maior coma este sufriron o cambio de lugar, polo que se nota a falta de pezas e adornos. Ademais foron repintados con purpurina e pinturas plásticas que non deixan apreciálo en todo o seu valor. Sería moi recomendable unha boa restauración na que se recuperara a pintura orixinal.

Hai outros dous retablos, un a cada lado do arco triunfal, en ángulo con el e o paramento lateral. Son similares, variando algún dos adornos. De época máis recente que os anteriores, pero descoñécese o autor e o ano de construción.



Son retablos de ampla predela, con pilastras de suxeición e nos entrepanos adorno dunha estrela de seis puntas; tres rúas no corpo, separadas por columnas lisas e capitel corintio, que sustentan un amplo entablamento quebrado sobre o que se coloca o ático con xarróns nos extremos; unha fornela plana cerrada por pilastras molduradas e con peaña; e cerrado por bandas cóncavas-convexas que ascenden ata o remate case plano, en forma de árbore, no que se superpón unha estrela de seis puntas e tres flores con tallo, coma margaridas.

As rúas laterais son planas en continuidade. Nelas hai unha peaña e un adorno en rocalla na parte superior para dar a sensación de fornela.

A fornela central é fonda e ten arco de medio punto con acodamento nos laterais.

O retablo do paramento norte presídeo a Virxe do Rosario. Nas rúas laterais están S. Bierto e **S. Xosé (172)**.

A fornela do ático ocúpao a **imaxe dun apóstolo (173)**, que pode ser outra representación de San Tomé.

O que está no paramento Sur está presidido pola Virxe das Dores.

A súa fornela central ten o arco semicircular, e baixo ela -na predela- está a Táboa de Ánimas. Esta fornela, por costume e tradición coas Ánimas, debería estar ocupada pola imaxe da **Virxe do Carme (174)** que está situada nunha peaña no lado norte da nave.

As fornelas laterais acollen as imaxes de **Sto. Antonio de Padua (175)** e **Sta. Lucía (176)**.

A fornela superior está ocupada por **San Gregorio (177)**.

As imaxes da Virxe do Rosario e da Dolorosa son de Vestir.

Recentemente foi restaurada a lámpada situada no centro da igrexa. Atopábase en moi mal estado e agora luce como corresponde. É unha araña de cristal de roca de tres corpos.

A imaxinería barroca é de gran calidade.

Hai que destacar tamén o interese dalgúns **petos esmoleiros (178)**.

Moi cerca da igrexa atopamos unha cruz simple que ten aos seus pés un peto de Ánimas, apoiado sobre o cubo que fai de base á cruz e colocado sobre un chanzo de pedra.

Unha reixa protexe o retabliño de madeira policromada restaurado recentemente.

No seu releve representa na parte baixa, entre lapas, dúas almiñas que adoran a cruz central. Aos lados da cruz están a Virxe do Carme e un cãliz, os dous sostidos por cabeceñas de anxos.





No barrio de Fontán, onde estivo a antiga igrexa parroquial, consérvase un fermoso retablo barroco, datado no ano 1793 segundo a inscrición que conserva na súa base: “SE HIZO ESTA OBRA POR DEVOCION DE JUAN ROMERO Y SU MUGER AÑO DE 1793”.

Sobre tres chanzos colócase a base cúbica de arestas rebaxadas. O fuste é dunha soa peza; comeza sendo cadrado, na parte central e máis longa é octogonal, e remata sendo cilíndrico xunto ao capitel.

Este é cadrado, de lados curvos, con cabezas de anxo nos centros e espirais e follas nas esquinas.

A cruz é cadrada con arestas moi rebaxadas na parte interna e terminando cadradas con recorte exterior en forma de cruz. No anverso, un Cristo morto suxeito por tres cravos e baixo lenda. Na parte traseira, a Virxe co Neno nos brazos sobre nubes con anxos.

FESTAS E ROMAXES DE PARDERRUBIAS

- Santo Amaro: 15 de xaneiro.
- Virxe das Dores: 3º domingo de maio.
- San Tomé: 21 de decembro.